

ó

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xuño de 2004,

### D I S P O Ñ O :

**Artigo único. Ampliación do prazo para a adscrición ás especialidades básicas de inspección educativa.**

Establécese un novo prazo de dous anos, contados a partir da data de entrada en vigor deste real decreto, para levar a cabo a adscrición dos funcionarios do corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa e do corpo de inspectores de educación, a que se refire a disposición adicional segunda do Real decreto 1538/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen as especialidades básicas de inspección educativa.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dita en uso das competencias que atribúe ao Estado o artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup>e 30.<sup>a</sup> da Constitución e en virtude da habilitación que confire ao Goberno o artigo 106.1 e a disposición adicional oitava.1 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, ten carácter básico.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Educación e Ciencia para desenvolver o establecido neste real decreto no ámbito das súas competencias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xuño de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,  
MARÍA JESÚS SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11442 ORDE PRE/1895/2004, do 17 de xuño, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e uso de certas substancias e preparados perigosos (substancias clasificadas como carcinóxenas, mutáxenas e tóxicas para a reproducción). («BOE» 148, do 19-6-2004.)**

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e uso de certas substancias e preparados perigosos, foi ditado con base na normativa da Unión Europea que regula esta materia. Esta constitúea a Directiva do Consello 76/769/CEE, do 27 de xullo, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos e as súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O anexo I do mencionado real decreto sufriu numerosas modificacións como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e a necesidade de incrementar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente. Unha delas foi a levada a cabo pola Orde do 15 de decembro de 1998 que substituíu a parte 2 do anexo I do citado Real decreto 1406/1989.

Conforme a redacción dada pola orde antes mencionada, a parte 2 do anexo I do Real decreto 1406/1989 recolle as listas de substancias carcinóxenas, mutáxenas e tóxicas para a reproducción, que se actualizan sucesivamente a medida que determinadas substancias van sendo clasificadas como tales. A última modificación das ditas listas aprobona a Orde PRE/1624/2002, do 25 de xuño, que incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2001/41/CE.

A Directiva 2003/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, modifica por vixésimo terceira vez a Directiva 76/769/CEE do Consello que limita a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos. A dita directiva recolle unha serie de substancias clasificadas como carcinóxenas, mutáxenas e tóxicas para a reproducción, que se incluíron no anexo I da Directiva 67/548/CEE nas súas adaptacións ao progreso técnico por vixésimo quinta e vixésimo sexta vez.

Do mesmo modo, a Directiva 2003/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de maio de 2003 modifica por vixésimo quinta vez a citada Directiva 76/769/CEE. A dita directiva recolle así mesmo unha serie de substancias clasificadas como carcinóxenas, mutáxenas e tóxicas para a reproducción que se incluíron no anexo I da Directiva 67/548/CEE na súa vixésimo oitava adaptación ao progreso técnico.

Esta orde, que se dita en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, incorpora ao noso dereito interno as directivas 2003/34/CE e 2003/36/CE, o que implica, pola súa vez, a modificación parcial do anexo I do citado real decreto, segundo a redacción da Orde do 15 de decembro de 1998, na súa parte 2.

Para a elaboración desta disposición foron consultados os sectores afectados. Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio, de Sanidade e Consumo, e de Medio Ambiente, dispoño:

**Primeiro. Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro.—Modifícase o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e uso de certas substancias e preparados perigosos, incorporando ás listas A, B, D, E e F da parte 2 as modificacións que figuran nos anexos A e B da presente orde.**

**Segundo. Prórroga de comercialización.**

1. As substancias das listas que figuran no anexo A desta orde poderanse seguir comercializando e utilizando conforme a normativa actualmente vixente ata o 15 de xaneiro de 2005.

2. As substancias das listas que figuran no anexo B da presente orde poderanse seguir comercializando e utilizando conforme a normativa actualmente vixente ata o 25 de decembro de 2004.

**Terceiro. Entrada en vigor.—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».**

Madrid, 17 de xuño de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excmo. Sr. Ministro de Industria, Turismo e Comercio e Excmas. Sras. Ministras de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente.

Incorpóranse a esta lista as substancias seguintes:

## ANEXO A

### 1. Lista B (substancias carcinóxenas: categoría 2)

Nome da substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS
Dicloruro de cobalto .....	027-004-00-5	231-589-4	7646-79-9
Sulfato de cobalto .....	027-005-00-0	233-334-2	10124-43-3
Fluoruro de cadmio .....	048-006-00-2	232-222-0	7790-79-6
Criseno .....	601-048-00-0	205-923-4	218-01-9
Benzo[e]pireno .....	601-049-00-6	205-892-7	192-97-2
2,2'-Bioxirano; 1,2:3,4-diepoxibutano .....	603-060-00-1	215-979-1	1464-53-5
2,3-Epoxipropano-1-ol; glicidol .....	603-063-00-8	209-128-3	556-52-5
2,4-Dinitrotolueno [1]; dinitrotolueno [2]; dinitrotolueno, calidade técnica .....	609-007-00-9	204-450-0 [1] 246-836-1 [2]	121-14-2 [1] 25321-14-6 [2]
2,6-Dinitrotolueno .....	609-049-00-8	210-106-0	606-20-2
Hidrazina-tri-nitrometano .....	609-053-00-X	414-850-9	—
Azobenzeno .....	611-001-00-6	203-102-5	103-33-3
Colorantes azoicos a base de <i>o</i> -dianisidina; colorantes 4,4'-diarilazo-3,3'-dimetoxibifenílicos, excepto os mencionados noutro lugar do anexo I do Regulamento de notificación de substancias novas e de clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas aprobado polo Real decreto 363/1995 do 10 de marzo .....	611-029-00-9	—	—
Colorantes a base de <i>o</i> -tolidina; colorantes 4,4'-diarilazo-3,3'-dimetilbifenílicos, excepto os mencionados noutro lugar do anexo I do Regulamento de notificación de substancias novas e de clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas aprobado polo Real decreto 363/1995 do 10 de marzo .....	611-030-00-4	—	—
1,4,5,8-Tetraaminoantraquinona; C.I. Disperse Blue 1 .....	611-032-00-5	219-603-7	2475-45-8

### 2. Lista D (substancias mutáxenas: categoría 2)

Incorpóranse a esta lista as substancias seguintes:

Nome da substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS
Fluoruro de cadmio .....	048-006-00-2	232-222-0	7790-79-6
Cloruro de cadmio .....	048-008-00-3	233-296-7	10108-64-2
2,2'-Bioxirano; 1,2:3,4-diepoxibutano .....	603-060-00-1	215-979-1	1464-53-5

### 3. Lista F (substancias tóxicas para a reproducción: categoría 2)

Incorpóranse a esta lista as substancias seguintes:

Nome da substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS
Fluoruro de cadmio .....	048-006-00-2	232-222-0	7790-79-6
Cloruro de cadmio .....	048-008-00-3	233-296-7	10108-64-2
2,3-Epoxipropano-1-ol; glicidol .....	603-063-00-8	209-128-3	556-52-5
2-Metoxipropanol .....	603-106-00-0	216-455-5	1589-47-5
4,4'-isobutiletilidenodifenol; 2,2-bis (4-hidroxifenil)-4-metilpentano .....	604-024-00-8	401-720-1	6807-17-6
Acetato de 2-metoxipropilo .....	607-251-00-0	274-724-2	70657-70-4
Tridemorf (ISO); 2,6-dimetil-4-tridecilmorfolina .....	613-020-00-5	246-347-3	24602-86-6
Cicloheximida .....	613-140-00-8	200-636-0	66-81-9

**ANEXO B****1. Lista A (substancias carcinóxenas: categoría 1)**

Incorpóranse a esta lista as substancias seguintes:

Substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
Butano [contén ≥ 0,1 % butadieno (203-450-8)] [1] .....	601-004-01-8	203-448-7 [1]	106-97-8 [1]	C, S
Isobutano [contén ≥ 0,1 % butadieno (203-450-8)] [2] .....	601-013-00-X	200-857-2 [2]	75-28-5 [2]	
1,3-butadieno; buta-1,3-dieno .....		203-450-8	106-99-0	D

**2. Lista B (substancias carcinóxenas: categoría 2)**

Incorpóranse a esta lista as substancias seguintes:

Substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
Óxido de berilio .....	004-003-00-8	215-133-1	1304-56-9	E
Cromato de sodio .....	024-018-00-3	231-889-5	7775-11-3	E
Tricloroetileno; tricloroeteno .....	602-027-00-9	201-167-4	79-01-6	
á-clorotolueno; cloruro de benzilo .....	602-037-00-3	202-853-6	100-44-7	E
2,3-dibromopropan-1-ol; 2,3-dibromo-1-propanol .....	602-088-00-1	202-480-9	96-13-9	E
Óxido de propileno; 1,2-epoxipropano; metiloxirano .....	603-055-00-4	200-879-2	75-56-9	E
Éter de glicidilo e de fenilo; 2,3-epoxipropil fenil éter; 1,2-epoxi-3-fenoxipropano .....	603-067-00-X	204-557-2	122-60-1	E
Furano .....	603-105-00-5	203-727-3	110-00-9	E
R-2,3-epoxi-1-propanol .....	603-143-00-2	404-660-4	57044-25-4	E
(R)-1-cloro-2,3-epoxipropano .....	603-166-00-8	424-280-2	51594-55-9	
2,3-dinitrotolueno .....	609-050-00-3	210-013-5	602-01-7	E
3,4-dinitrotolueno .....	609-051-00-9	210-222-1	610-39-9	E
3,5-dinitrotolueno .....	609-052-00-4	210-566-2	618-85-9	E
2,5-dinitrotolueno .....	609-055-00-0	210-581-4	619-15-8	E
6-hidroxi-1-(3-isopropoxipropil)-4-metil-2-oxo-5-[4-(fenilazo)fenilazo]-1,2-dihidro-3-piridincarbonitrilo .....	611-057-00-1	400-340-3	85136-74-9	
Formato de {6-[4-hidroxi-3-(2-metoxifenilazo)-2-sulfonato-7-naftilamino]-1,3,5-triazin-2,4-dil} bis [(amino-1-metiletil)-amonio] .....	611-058-00-7	402-060-7	108225-03-2	
[4'-(8-acetilamino-3,6-disulfonato-2-naftilazo)-4''-(6-benzoi-lamino-3-sulfonato-2-naftilazo)bifenil-1,3',3'',1'''-tetraolato-O, O', O'', O''']cobre (II) de trisodio .....	611-063-00-4	413-590-3	—	
Fenilhidrazina [1] .....	612-023-00-9	202-873-5 [1]	100-63-0 [1]	E
Cloruro de fenilhidrazinio [2] .....		200-444-7 [2]	59-88-1 [2]	
Hidrocloruro de fenilhidrazina [3] .....		248-259-0 [3]	27140-08-5 [3]	
Sulfato de fenilhidrazinio (2:1) [4] .....		257-622-2 [4]	52033-74-6 [4]	
Mestura de: N-[3-hidroxi-2-(2-metilacriloilamino-metoxi)propoximetil]-2-metilacrilamida; N-[2,3-bis(2-metilacriloilaminometoxi) propoximetil]-2-metilacrilamida; 2-metil-N-(2-metil-acriloilaminometoximetil)-acrilamida; N-(2,3-dihidroxipropoximetil)-2-metilacrilamida .....	616-057-00-5	412-790-8	—	C, S
Butano [contén ≥ 0,1 % butadieno (203-450-8)] [1] .....	601-004-01-8	203-448-7 [1]	106-97-8 [1]	
Isobutano [contén ≥ 0,1 % butadieno (203-450-8)] [2] .....	200-857-2 [2]	75-28-5 [2]		
1,3-butadieno; buta-1,3-dieno .....	601-013-00-X	203-450-8	106-99-0	D

**3. Lista D (substancias mutáxenas: categoría 2)**

Incorpóranse a esta lista as substancias seguintes:

Substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
Cromato de sodio .....	024-018-00-3	231-889-5	7775-11-3	E
Butano [contén ≥ 0,1 % butadieno(203-450-8)] [1] .....	601-004-01-8	203-448-7 [1]	106-97-8 [1]	C, S
Isobutano [contén ≥ 0,1 % butadieno (203-450-8)] [2] .....		20-857-2 [2]	75-28-5 [2]	

Substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
1,3-butadieno; buta-1,3-dieno .....	601-013-00-X	203-450-8	106-99-0	D
Oxido de propileno; 1,2-epoxipropano; metiloxirano .....	603-055-00-4	200-879-2	75-56-9	E
1,3,5-tris-[ (2S e 2R)-2,3-epoxipropil]-1,3,5-triazin-2,4,6-(1H,3H,5H)-triona .....	616-091-00-0	423-400-0	59653-74-6	E

#### 4. Lista E (substancias tóxicas para a reproducción: categoría 1)

Incorpórase a esta lista a substancia seguinte:

Substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
2-bromopropano .....	602-085-00-5	200-855-1	75-26-3	E

#### 5. Lista F (substancias tóxicas para a reproducción: categoría 2)

Incorpóranse a esta lista as substancias seguintes:

Substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
Flusilazol (ISO); bis(4-fluorofenil)-(metil)-(1H-1,2,4-triazol-1-il-metil)-silano .....	014-017-00-6	—	85509-19-9	E
Mestura de: 4-{[bis(4-fluorofenil)-metilsilil]-metil}-4H-1,2,4-triazol; 1-[[bis(4-fluorofenil) metilsilil]metil]-1H-1,2,4-triazol .....	014-019-00-7	403-250-2	—	E
Bis(2-metoxietil) éter .....	603-139-00-0	203-924-4	111-96-6	E
R-2,3-epoxi-1-propanol .....	603-143-002	404-660-4	57044-25-4	E
Fluazifop-butil (ISO); (RS)-2-[4-(5-trifluorometil-2-piridiloxi)fenoxy]propionato de butilo .....	607-304-00-8	274-125-6	69806-50-4	
Vinclozolín (ISO); N-3,5-diclorofenil-5-metil-5-vinil-1,3-oxazolidin-2,4-diona .....	607-307-00-4	256-599-6	50471-44-8	
Ácido metoxiacético .....	607-312-00-1	210-894-6	625-45-6	E
Ftalato de bis(2-etilhexilo); Ftalato de di-(2-etilhexilo); DEHP ...	607-317-00-9	204-211-0	117-81-7	
Ftalato de dibutilo; DBP .....	607-318-00-4	201-557-4	84-74-2	
(+/-) (R)-2-[4-(6-cloroquinoxalin-2-iloxi)feniloxi] propionato de tetrahidrofurfurilo .....	607-373-00-4	414-200-4	119738-06-6	E
Flumioxazin (ISO); N-(7-fluoro-3,4-dihidro-3-oxo-4-prop-2-inil-2H-1,4-benzoxazin-6-il)ciclohex-1-en-1,2-dicarboxamida (2RS,3RS)-3-(2-clorofenil)-2-(4-fluorofenil)-[(1H-1,2,4-triazol-1-il)-metil]oxirano .....	613-166-00-X	—	103361-09-7	
N, N-dimetilacetamida .....	613-175-00-9	406-850-2	106325-08-0	
Formamida .....	616-011-00-4	204-826-4	127-19-5	E
N-metilacetamida .....	616-052-00-8	200-842-0	75-12-7	
N-metilformamida .....	616-053-00-3	201-182-6	79-16-3	
N-metilformamida .....	616-056-00-X	204-624-6	123-39-7	E

**11719** ORDE PRE/1954/2004, do 22 de xuño, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e uso de certas substancias e preparados perigosos (nonilfenol, etoxilados de nonilfenol e cemento). («BOE» 152, do 24-6-2004.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, estableceu unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados perigosos e ditouse conforme a normativa da Unión Europea que regula esta materia. Esta constitúena a Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, rela-

tiva á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos e as súas posteriores modificacóns e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacóns no anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de incrementar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente.

Recentemente publicouse a Directiva 2003/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2003, que modifica por vixésimo sexta vez a Directiva 76/769/CE do Consello, respecto á limitación da comercialización e o uso de determinadas substancias e pre-